



2015/XENSEC/000034

DECRETO DO ALCALDE RELATIVO A MODIFICACIÓN DO ENDEREZO ELECTRÓNICO DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

O artigo 8 da Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Pontevedra (BOP núm. 78, de 27 de abril de 2015) dispón: *"Establécese como sede electrónica do Concello de Pontevedra, nos termos da lei 11/2007, o enderezo electrónico <https://sede.pontevedra.eu>, ou calquera outro enderezo que se dispoña con posterioridade á aprobación desta norma, sempre e cando se lle dea a publicidade debida. Neste suposto, os cidadáns poderán acceder ao novo enderezo a través das redes de telecomunicacións, cuxa titularidade, xestión e administración corresponde ao Concello de Pontevedra no exercicio das súas competencias(...)"*

Así mesmo, a disposición final segunda da mesma ordenanza faculta ao Alcalde para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e desenvolvemento desta ordenanza.

Compre empregar o dominio .gal na sede do Concello de Pontevedra para unha mellor identificación e visibilidade na rede.

Polo exposto, no exercicio das atribucións que me confire a lexislación sobre réxime local, DECRETO:

Primeiro: Establecer como sede electrónica do Concello de Pontevedra, cando estea en funcionamento, o enderezo electrónico <https://sede.pontevedra.gal>.

Segundo: Publicar o presente decreto no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web municipal e na propia sede electrónica tan pronto como estea operativa.

Pontevedra, 9 de novembro de 2015

O Alcalde



Miguel Anxo Fernández Lores

Dou fe,

O Secretario, por substitución
(art.46,3 ROGA)



José Luís Mato Rodríguez